



PICASSO MOZO: DA CASA AO COLEXIO

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 3º-4º PRIMARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Casa Museo Picasso- Praza de Pontevedra- Instituto Eusebio da Guarda

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: PRAZA DE PONTEVEDRA, 11 (Parada 197 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA PRAZA DE PONTEVEDRA, 11 (Parada 197 do bus urbano)

.....

O instituto Eusebio da Guarda acaba de entrar en funcionamento cando a familia Ruiz Picasso chega á Coruña. Instálanse nunha casa recién construída nunha zona da cidade que aínda está mudando o seu aspecto, e que se atopa próxima ao seu centro de ensino, que tamén é o lugar onde traballa o seu pai. A Pablo gústalle pasear a cidade buscando lugares e persoas para plasmarlos en pequenas táboas de madeira o nas follas do seu caderno: os muiños, o mar, a Torre de Hércules, as casas... A maior parte deses debuxos acompañaron ao pintor nos distintos lugares onde viviu ao longo da súa vida: Espazos coruñeses gardados na súa memoria

OBXECTIVOS

- Coñecer a vida diaria e os espazos que frecuentaba Picasso durante a súa estancia na cidade a finais do século XIX.
- Descubrir o significado da pomba da praza de Pontevedra e a súa orixe como símbolo da paz.
- Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: Os escolares realizarán actividades relacionados coa figura do escritor encamiñadas a coñecer a vida deste xenio da pintura e a súas obras pictóricas da época da súa última infancia.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios..

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Casa Museo Picasso, o seu fogar na cidade (visita ao interior)

PARADA 2: Praza de Pontevedra, a pomba da Paz

PARADA 3: Instituto Eusebio da Guarda, o seu lugar de estudo (visita ao interior)



A CIDADE DE MARÍA PITA

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 3º-4º PRIMARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Casa Museo María Pita- Praza de Cortaduría- Praza de Azcárraga- Porta de Aires

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: MAESTRANZA-METROSIDERO (Parada 482 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA: MAESTRANZA-METROSIDERO (Parada 482 do bus urbano)



O nome de maría Pita escríbese con letras de ouro na nosa historia. A praza mais importante da cidade, unha estatua, unha Casa Museo e o recoñecemento da meirande parte da poboación coruñesa, pero... quen foi realmente? Unha muller que defendeu os seus dereitos ou unha muller guerreira? Ou tal vez é María Pita unha lenda da nosa cidade?

O itinerario lévanos a coñecer a cidade na que viviu, os espazos públicos e a súa casa mentres nos mergullamos no século XVI.

OBXECTIVOS

- Coñecer e situar nun marco histórico e espacial a figura de María Pita e a súa participación no asedio da cidade de 1589 valorando o papel dos homes e as mulleres na defensa da liberdade.
- Desenvolver a curiosidade pola historia e os feitos acontecidos na cidade onde vivimos, recoñecendo a importancia dos espazos expositivos como lugares de aprendizaxe.
- Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: Os escolares realizan actividades encamiñadas a coñecer o noso patrimonio histórico.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Casa Museo María Pita (visita ao interior)

PARADA 2: Praza de Cortaduría: a sociedade

PARADA 3: Praza de Azcárraga: o mercado

PARADA 4: Porta de Aires: onde María Pita converteuse nunha heroína



A CORUÑA: PRAZA FORTE DO REINO DE GALICIA

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 5º- 6º PRIMARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Palacio de capitánía- Murallas do Parrote- Baluarte- Castelo de San Antón

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: PARROTE- H. FINISTERRE (Parada 140 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA: CASTELO SAN ANTÓN (Zona de entrada ao Castelo)



Durante moitos anos a cidade coruñesa foi considerada unha praza forte, un porto que debía protexerse de posibles inimigos. Fortalezas defensivas, castelos ou murallas convertéronse en elementos habituais na imaxe da cidade. A partir do século XVIII novos edificios acompañan aos máis antigos cumprindo sempre a misión da defensa da cidade. Abrimos a porta do pasado para coñecer unha zona da cidade moi importante na historia e tamén descoñecida.

OBXECTIVOS

- Coñecer as diferentes edificacións e elementos que aínda se conservan desde o século XVI e que desempeñaban funcións defensivas na cidade.
- Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: a través de distintas actividades formuladas nun caderno, os participantes observarán e descubrirán diferentes símbolos e os significados da época histórica na que se desenvolve o percorrido e que se conservan neste espazo da cidade.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Palacio de Capitanía (visita ao interior)

PARADA 2: Porta do Parrote

PARADA 3: Porta do Clavo- Baluarte- Xardín de San Sarlos

PARADA 4: O castelo de San Antón, de lazareto a museo



PRAZAS CON PODER

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 5º- 6º PRIMARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Praza de María Pita- Rúa Damas- Santo Domingo- Praza de Azcárraga- Praza da Constitución

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: PORTA REAL, DÁRSENA (Parada 139 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA: PORTA REAL (Parada 1 do bus urbano)



As prazas sempre ocuparon un lugar e unha función moi importante: lugares de reunión ou de mercados, espazos ao aire libre onde manter conversas, intercambios económicos ou xuntanzas veciñais. As veces, a función estaba condicionada polo edificio construído: as casas consistoriais, o almacén da fariña, a casa da moeda... A través do itinerario coñeceremos dende a praza principal da cidade, María Pita e o seu concello, até as prazas e espazos públicos da cidade vella e a súa historia.

OBXECTIVOS

- Relacionar diferentes épocas históricas a través das prazas públicas que constituían o punto central na vida diaria dos habitantes da cidade, mostrando os espazos que son e foron de grande importancia para o desenvolvemento da cidade.
- Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade

METODOLOXÍA: a través de actividades encamiñadas a reforzar a observación e discriminación de diferentes espazos da cidade, así como de coñecer diferentes elementos peculiares das prazas polas que transcorre o percorrido.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Praza de María Pita
Pazo Municipal (visita ao interior)

PARADA 2: Rúa Damas- Colexiata

PARADA 3: Praza de Santo Domingo

PARADA 4: Praza de Azcárraga

PARADA 5: Praza da Constitución- Ábsida igrexa Santiago

CAMIÑO REAL

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 1º-2º SECUNDARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Rúa Real- Teatro Rosalía de Castro- Rúa Rego de Auga- Palacio Municipal.

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder de xeito virtual ao interior do Concello a través da páxina web: www.artaaldescubierto.coruna.es

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: PORTA REAL (Parada 1 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA: PORTA REAL (Parada 1 do bus urbano)



A partir do século XIX o poder da cidade trasládase ao populoso e rico barrio da Pescaría onde os burgueses e comerciantes construían, non só as mellores vivendas, senón tamén os lugares de ocio axeitados para a sociedade. O antigo Camiño Real pasa a converterse, en lugar de paseo , de residencia e de comercio de importantes coruñeses.

OBXECTIVOS

- Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico da cidade coñecéndoo a través das súas rúas e a súa historia.

METODOLOXÍA: mediante un caderno que cada participante levará consigo, os escolares deberán superar retos lóxicos que lle permitan avanzar no itinerario e chegar ao final do camiño.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Rúa Real

As casas de comerciantes e burgueses.

PARADA 2: Teatro Rosalía de Castro (visita ao interior)

Rúa Rego de Auga

PARADA 4: Palacio Municipal

PERSONAXES DA CIDADE

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 1º-2º ESO

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: A Mariña- Porta Real- Rúa Tabernas- Praza da Constitución- Paseo da Dársena

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: PORTA REAL – DÁRSENA (Parada 139 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA: PORTA REAL (Parada 1 do bus urbano)



A cidade garda na memoria o papel das persoas que a habitaron. O nome das rúas supuxeron un recoñecemento cara elas, aínda que non sempre coñecemos que fixeron para ser lembradas. As súas vidas e a súas historias transcenderon máis aló do seu tempo. Foron mulleres que traballaron pola educación, pola liberdade, por acadar dereitos ou pola mellora da saúde, e todas elas teñen en común que son personaxes da nosa cidade.

OBXECTIVOS

- Recoñecer a importancia das persoas ao longo da historia e valorar suas actitudes que determinaron cambios na historia
- Coñecer algúns personaxes a través de fontes históricas
- Aprender a valorar e o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: o percorrido levaranos por rúas que recordan a figura destes personaxes. Cada vez que se presenta a un personaxe, o alumnado debe escribir un titular periodístico coa idea mais relevante que recorden do personaxe.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Isabel Zandal

PARADA 2: María Barbeito

PARADA 3: Emilia Pardo Bazán

PARADA 4: Juana de Vega e Concepción Arenal

ISABEL ZENDAL E OS NENOS DA VARIOLA

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 1º-2º ESO

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Balcón de Balmis- C/Hospital- San Nicolás- Dársena

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: DOMUS (Zona de aparcadoiro da Domus)

Parada de autobús para RECOLLIDA: PORTA REAL (Parada 1 do bus urbano)

.....

Moitos anos quedara esquecida a historia dunha muller, uns nenos e dunha expedición marítima que con orixe na Coruña cruzou o océano para levar unha vacina. Cada vez é mais recordada, e neste percorrido tentaremos amosar os lugares que recordan a historia e os personaxes que interviñeron nela.

OBXECTIVO: Coñecer a figura de Isabel Zendal e a importancia que tivo para a medicina.

Situar a súa figura no contexto histórico

Aprender a valorar e o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: o percorrido levaranos por rúas que recordan a figura destes personaxes e os espazos da cidade que manteñen a súa pegada. En cada un dos espazos, os participantes deberán poñer unha opinión do estado no que se encontra o espazo en relación coa historia que se conta.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Balcón de Balmis (Domus)

PARADA 2: Rúa Hospital. A casa dos expósitos.

PARADA 3: Dársena. O lugar desde onde saiu a expedición

MARÍA CASARES: UNHA CORUÑESA EN PARÍS

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 1º-2º EDUCACIÓN SECUNDARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Teatro Rosalía de Castro- Praza do humor- Casa Museo Casares Quiroga

ITINERARIO SMART: ---

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: PRAZA DE ESPAÑA, 24 (Parada 183 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA: PORTA REAL (Parada 1 do bus urbano)



María Casares sentía o teatro como parte da súa vida. Desde nena soñou con escenarios cheos de xente, e non parou de sentir e de soñar no teatro até a súa morte. A súa vida iníciase na Coruña, onde xoga a facer representacións teatrais na buhardilla que o seu pai, Casares Quiroga, prepara na súa casa da rúa Panaderas. En 1936 tras o seu exilio en Francia, as súas inquedanzas non deixan de darlle forzas para converter o seu soño nunha realidade: ser actriz de teatro.

OBXECTIVO:

- Coñecer a vida de María Casares no seu entorno mais persoal, paseando polas rúas que sentiu como propias na súa infancia, achegándonos á súa vida e a súa situación familiar e aupala ao posto do que é merecedora.
- Empregar os recursos da memoria histórica cultural como elemento de coñecemento da estrutura política, social e urbanística da época
- Promover unha cidadanía activa, crítica, responsable e tolerante cara ao pensamento libre

METODOLOXÍA: a través dunha metodoloxía de escoita activa e participativa, os escolares coñecerán as inquedanzas e avatares da vida desta actriz coruñesa.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Teatro Rosalía de Castro

PARADA 2: Praza do Humor

PARADA 3: Casa Museo Quiroga



CASAS CONSISTORIAIS AO LONGO DA HISTORIA

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS A LOS QUE SE DESTINA: 3º-4º SECUNDARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Igrexa de Santiago- Praza de Azcárraga- Rúa da Franxa- Igrexa de San Jorge- Praza de María Pita

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder de xeito virtual ao interior do Concello a través da páxina web: www.artaaldescubierto.coruna.es

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: PRAZA DE PONTEVEDRA, 11 (Parada 197 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA PRAZA DE PONTEVEDRA, 11 (Parada 197 do bus urbano)



Cando miramos ao Palacio Municipal observamos un espléndido edificio centenario. Pero tiveron que pasar moitos anos para ter esa realidade. Séculos onde as Casas Consistoriais recorreron parte da cidade vella en edificios construídos para esa función ou alugados. Un percorrido polos distintos espazos onde estivo ubicado o concello nos permitirá coñecer parte da historia da cidade e a súa evolución.

OBXECTIVO: Coñecer diferentes espazos da cidade onde se asentaron as Casas Consistoriais dende a súa primitiva situación no adro da Igrexa de Santiago ata o seu asentamento definitivo na Praza de María Pita

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade

METODOLOXÍA: durante o desenvolvemento do percorrido realízanse diferentes paradas onde se tratará de situar as antigas sedes da Casa do concello realizando nelas actividades sobre planos para comprender as diferentes formulacións urbanísticas.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Igrexa de Santiago, o inicio do Concello

PARADA 2: Praza de Azcárraga, as primeiras Casas Consistoriais

PARADA 3: Casa Martelo, o traslado á Pescaría

PARADA 4: Igrexa de San Xurxo

PARADA 5: Praza de María Pita
Palacio Municipal (visita ao interior)





MODERNISMO CORUÑÉS

GUIA DO ITINERARIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 3º-4º ESO e BACHERELATO

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Praza Pontevedra- Praza de Lugo- Rúa Ferrol

TRANSPORTE:

Parada de autobús para INICIO: PRAZA DE PONTEVEDRA, 11 (Parada 197 do bus urbano)

Parada de autobús para RECOLLIDA PRAZA DE PONTEVEDRA, 11 (Parada 197 do bus urbano)



A finais do século XIX un novo proxecto urbanístico daba pe ao Ensanche, un novo barrio da cidade chamado a ser o lugar onde se asenta a burguesía industrial e os recién chegados. Con ganas de amosar ao resto da cidade a súa importancia decidiron edificar as súas casas seguindo as pautas da arquitectura de moda na época, o modernismo. Arquitectos coma Julio Galán, López Hernández ou Boán Callejas deixaron no Ensanche a pegada máis característica do modernismo coruñés.

OBXECTIVO: Descubrir o modernismo como a ruptura e un estilo propio dunha clase social e as súas características dentro do contexto histórico.

Coñecer algúns dos edificios máis representativos deste movemento na nosa cidade.

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: durante o percorrido mostrarase ao alumnado diferentes proxectos orixinais dos edificios que se conservan para comparar o resultado do transcorrer dos anos.

COMPETENCIA: cultural- artística. Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación. Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: A praza de Pontevedra, o inicio do ensanche

PARADA 2: Praza de Lugo

PARADA 3: Rúa Compostela

PARADA 4: Palacio de Xusticia

